

Clase mysqli, mysqli result e mysqli stmt

A extensión MySQLi(MySQL improved) permítenos programar a xestión dunha base de datos empregando a API orientada a obxectos ou procedimental. Esta extensión é a recomendada a partir de PHP5 e representa a conexión entre PHP e MySQL.

Para máis información visitar os seguintes enlaces:

- [Extensión Mysql mellorada](#)
- [Clase mysqli](#)
- [Clase mysqli_stmt](#)
- [Clase mysqli_result](#)

A clase **mysqli** emprégase para facer as conexións ás bases de datos, facer consultas, etc.

A clase **stmt** emprégase para preparar as consultas SQL que se mandarán ó servidor, especialmente para evitar problemas como inyección MySQL.

A clase **result** emprégase para xestionar os datos recibidos dunha consulta select (o que coñecemos como un recordset). --[Veiga](#) 18:58 8 ene 2013 (CET)